



### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2011	<b>PE403A 2010/114-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE MUROS	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN.	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ	

<b>Especies</b>	Berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), arola ( <i>Lutraria lutraria</i> ) e cornicha ( <i>Spisula solida</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Praia da Virxe e Praia de Abelleira.
<b>Subzonas de explotación</b>	

<b>Participantes no plan de Explotación</b>		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
69 de Muros + 45 de Noia = 114	-	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>SI (cobertura de vacantes)</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
2	-	-

<b>Calendario de explotación</b>												
<b>Días máximos de extracción</b>		60										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup> a pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X			X	X	X	X				

<b>Topes de captura<sup>(6)</sup></b>			
<b>Especies</b>	<b>A pé (mariscadora/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Tripulante/habilitación</b>
Berberecho (marzo)	15 kg	-	-
Berberecho (xuñ, xul, ago)	20 kg	-	-
Ameixa fina	5 kg	-	-
Ameixa xaponesa	6 kg	-	-
Ameixa babosa	5 kg	-	-
Arola	20 kg	-	-
Cornicha	4 kg	-	-

<b>Artes a empregar</b>	Sacho, rastrillo ou angazo para berberecho, angazo para ameixa
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Anido na praia da Virxe e Bornalle e Liñares na praia de Abelleira.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Muros e lonxa de Esteiro.



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>					X	X						
Zonas: Praia da Virxe												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>							X	X	X	X		
Zonas: Praia da Virxe e Praia de Abelleira												
Especies: Ameixa fina e berberecho.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>				X					X			
Zonas: Praia da Virxe e Praia de Abelleira												
Especies : Ameixa fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>						X	X	X	X	X		
Zonas: Praia da Virxe e Praia de Abelleira												
Especies: Ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>							X	X	X			
Zonas: Praia da Virxe e Praia de Abelleira												
Especies: Ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>							X	X	X			
Zonas: Praia da Virxe e Praia de Abelleira. Poden ser en calquera mes do ano segundo o estado das praias.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Retirada de algas e cornas (se fose necesario realizaríase en calquera época do ano)												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

**Zona de produción:** A praia da Virxe está incluída na zona de produción GAL-08/03, clasificada zona de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A praia de Abelleira atópase dentro da zona de produción GAL-08/02, clasificada zona de clase B para a produción de moluscos bivalvos.

**Participantes:** Neste plan participan os mariscadores de Muros, e unha parte dos mariscadores de a pé de Noia. O listado de mariscadores asociados á confraría de Muros anexo ao plan inclúe un total de 70 persoas, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar neste plan é de 69. Dna. ----- non ten permex dende o ano 2009, polo que debe ser excluída do plan.

O listado correspondente aos mariscadores de Noia que participarían neste plan, inclúe a Dna. ----- que non teñen o permex renovado para o ano 2011, polo que deben ser excluídos do plan.



**Ampliación:** Autorízase a cobertura das vacantes producidas no último ano na Confraría de Muros, a fin de facilitar a organización das labores de vixilancia e mantemento dos bancos marisqueiros sen causar un prexuízo ao colectivo de mariscadoras que traballa exclusivamente nos plans presentados pola confraría de Muros. Segundo os datos que constan nesta Consellería, ao longo do 2010 producíronse 2 vacantes por xubilación.

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso deberá aprobarse un plan experimental.

**Puntos de control:** Defínese a organización do punto de control, no que se rexistra o número de mariscadores e se controlan os cupos e tallas. A persoa responsable do punto de control é a presidenta da agrupación que, se fose necesario, contará coa axuda doutro membro da agrupación de xeito rotativo.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Cómpre lembrar o estricto cumprimento da normativa sobre a explotación dos moluscos bivalvos nas zonas clasificadas microbioloxicamente como tipo C.

**Traballos de semicultivo:** A organización das accións de semicultivo (acondicionamentos, traslados, lipezas...) está perfectamente definida, indicando a participación de tódolos mariscadores. A directiva da agrupación de mariscadores a pé, asesorada pola asistencia técnica da confraría, será a responsable da organización destes traballos, distribución dos grupos así como do control de asistencias. Estes traballos non computarán a efectos de renovación do permiso de explotación.

**Vixilancia:** Os mariscadores reforzarán as labores de vixilancia dos bancos marisqueiros no período primavera-outono. A participación é obrigatoria para todos os mariscadores en activo. As persoas responsables da organización das vixilancias e distribución dos grupos son os membros da directiva da agrupación de mariscadoras a pé, mentres que o control de asistencias correspóndelle aos vixiantes da confraría. Estas vixilancias computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex.